



Actividades de Verán

Divértete!!

11



Concello de Oleiros
ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA

www.oleiros.org



■ MINICAMPAMENTOS



● *Descrición:*

Cos minicampamentos abrimos as portas do tempo libre no medio natural para todos os picariños e picariñas que nacesen entre o ano 2005 e o ano 2008. Campamentos en versión mini, onde o que é grande é a diversión, as aventuras e as experiencias que axuden ao seu desenvolvemento san e á súa autonomía. Actividades que educan na convivencia e no respecto aos demais, onde o xogo e o contacto coa natureza son imprescindibles.

Estas actividades educativas pretenden proporcionarlles aos nenos e ás nenas diversión, aventuras e experiencias que favorezan a súa autonomía e a adquisición de hábitos saudables. Pequenos campamentos que educan na convivencia e na socialización, nos que o xogo e o contacto coa natureza son os protagonistas.

Dous formatos distintos:

■ **Mini 3:** Son tres días de actividade **sen facer noite** con horario de 10:00 a 19:00 h. Recomendado especialmente para os/as nenos/as nados/as en 2007 e 2008.

■ **Mini 5:** Recomendado especialmente para os/as nenos/as nados/as en 2006 e 2005 e para nenos/as máis maduros/as. O horario do campamento é de 10:00 h da mañá a 19:00 h da tarde, ata o 4º día que teñen a posibilidade de quedarse a durmir nas tendas. O último día, veñen a recollelos/as os pais e as nais ás 13:00 h.

● *Obxectivos:*

- Aprender xogando.
- Fomentar a convivencia e o respecto mutuo, a través de actividades colectivas.
- Achegarse ao coñecemento do seu contorno máis próximo.
- Promover actitudes de conservación e respecto do medio ambiente.

● *Temporalización:* (se naciches entre o 2005 e o 2008...)

Durante xullo en Mera e en agosto en Sta. Cruz

- | | |
|--|---|
| - Mini 3 Loureirño no CEIP Luís Seoane de Mera, do 29 de xuño ao 1 de xullo (25 prazas) | - Mini 5 Os Ameneiros no CEIP Isidro Parga Pondal de Sta. Cruz, do 1 ao 5 de agosto (25 prazas) |
| - Mini 3 Buxo pequeno no CEIP Luís Seoane de Mera, do 27 ao 29 de xullo (25 prazas) | - Mini 3 Espiño branco no CEIP Isidro Parga Pondal de Sta. Cruz, do 17 ao 19 de agosto (25 prazas) |
| - Mini 5 Salgueiro alegre no CEIP Luís Seoane de Mera, do 4 ao 8 de xullo (25 prazas) | - Mini 5 Gran bidueiro no CEIP Isidro Parga Pondal de Sta. Cruz, do 22 ao 26 de agosto (25 prazas) |

Destinatarios/as

Nesta experiencia poderán participar, como en anteriores edicións, os pequenos e pequenas que nacesen entre o ano 2005 e o ano 2008, aínda que recomendamos os Mini 3 para nados/as en 2007 e no 2008, e os Mini 5 para nados/as en 2006 e 2005



■ CAMPAMENTOS



● *Descrición:*

A evolución lóxica dos Minicampamentos que corresponde ao nivel de maduración dos/as cativos/as, son os campamentos e excursións curtas para nenos e nenas **nados/as entre 2001 e 2004...** Avanzamos na adquisición de hábitos saudables e na diversión colectiva. Os grandes xogos, a convivencia e as actividades en contacto coa natureza, serán o cerne dos "campas".

Mantemos a duración a 5 días, co seguinte horario:

- 1º e 2º día de 10:00 h a 19:00 h
- 3º e 4º día completos facendo noite
- 5º día ata as 13:00 h

Destinatarios/as

Nenos e nenas
nados/as entre
o ano 2001
e o 2004



● *Obxectivos:*

- Ofrecer alternativas divertidas e saudables ao tempo libre dos nenos e das nenas.
- Educar para a convivencia, cooperación e respecto cos/as compañeiros/as.
- Investigar sobre os valores naturais e histórico - artísticos do medio inmediato.
- Promover actitudes de conservación e respecto do medio ambiente.

● *Temporalización:*

- **Campamento Punta Canide** no CEIP Luís Seoane de Mera, do 11 ao 15 de xullo (30 prazas)
- **Campamento Cala de Canabal** no CEIP Luís Seoane de Mera, do 18 ao 22 de xullo (30 prazas)
- **Campamento Illa do Castelo** no CEIP Isidro Parga Pondal de Sta. Cruz, do 29 de agosto ao 2 de setembro (30 prazas)

■ EXCURSIÓNS DE VERÁN



● *Descrición:*

Despois de que os nenos e as nenas poidan gozar de actividades preto da súa contorna, propoñemos a posibilidade de participar en dúas excursións a dous dos máis fermosos espazos naturais, para que coñezan lugares espectaculares e de gran interese ambiental onde vivir aventuras inesquecibles. Así pois, aos nenos e ás nenas que naceron entre o ano 2001 e o 2004, propoñémoslles un destino clásico nas nosas programacións, as **Fragas do Eume** un dos bosques atlánticos mellor conservados de toda Europa moi preto da nosa casa, e nun dos equipamentos máis interesantes de Galicia, o albergue Alvarella.

Os mozos e mozas que naceron entre o ano 1997 e 2000, terán a oportunidade de achegarse á costa de Muros, Carnota, Lira... como lugar máxico e de lendas, e vilas mariñeiras onde o contacto coas súas xentes e paisaxes, sempre é lembrado cun sorriso. Unha forma diferente de gozar dun anaco de costa das máis fermosas do mundo.



● *Obxectivos:*

- Descubrir as características máis definidoras a nivel natural, xeográfico e cultural das comarcas visitadas.
- Promover a convivencia e a socialización do grupo.
- Ofrecer novos xeitos de aprender en contacto directo co medio.
- Promover actitudes de conservación e respecto do medio ambiente.

● *Temporalización:*

- **Excursión ás Fragas do Eume:**
10, 11 e 12 de agosto (40 prazas)
- **Excursión Mar de Lira:**
do 18 ao 22 de xullo (27 prazas)



Destinatarios/as

Para **Mar de Lira** poden inscribirse rapaces e rapazas que nacesen entre o ano 1997 e o ano 2000.

Para os que nacesen entre o ano 2001 e o ano 2004, propoñemos unha excursión moi preto de nós: ás **Fragas do Eume**.



■ HORTAS NO VERÁN



● *Descrición:*

Despois de case dúas décadas desenvolvendo o programa de Hortas Escolares, estamos convencidos todos os axentes que participamos nel, que a horta constitúe un gran xacemento de recursos educativos. O seu potencial vén dado pola riqueza de temáticas que se poden tratar na súa realización, con multitude de experiencias e vivencias, contidos pedagóxicos (conceitos, procedementos, actitudes, valores) e a forza de conexión co medio natural e social do medio máis próximo.

Non se trata dunha parcela na que cultivamos tomates ou leitugas, senón que debemos entendelo como un espazo no que imos tratar unha serie de contidos encamiñados a desenvolver as capacidades dos nenos e das nenas. Por outra banda, o gran número de recursos didácticos que suxire o traballo ao aire libre, ver como medran as plantas grazas ao noso traballo... son razóns suficientes para realizar esta actividade que constitúe un recurso educativo moi interesante.

● *Obxectivos:*

- Desenvolver capacidades de exploración e investigación na horta.
- Familiarizarse co mundo das verduras, hortalizas, legumes...estimulando un achegamento afectivo e positivo.
- Estimular a iniciativa e a autonomía dos/as picariños/as nas tarefas da hortiña.
- Coñecer o proceso de sementeira, plantación e coidados posteriores, básicos na horta.



Destinatarios/as

Nenos e nenas
nados/as entre
o ano 2005
e o 2008



● *Temporalización:*

Sesións de 1 hora á semana por horta, durante **os martes** de xullo e agosto de 2011.

HORARIO:

- ◆ **quenda de xullo:** martes de 10:30 a 11:30 h, na hortiña da EIM As Galeras e martes de 12:00 a 13:00 h, na hortiña da EIM A Pardela
- ◆ **quenda de agosto:** martes de 10:30 a 11:30 h na hortiña da EIM As Galeras e martes de 12:00 a 13:00 h, na hortiña da EIM A Pardela

Nota: 20 prazas por quenda

■ ALGO GUAPO



● **Descrición:**

Esta actividade supón unha oportunidade para todos os rapaces e rapazas que participaron nos campamentos, excursións e hortas de verán de reencontrarse nun contexto festivo, de lembrar as súas aventuras estivais, e de coñecer de primeira man as actividades de outono.

Durante dúas tardes de sábados teremos actuacións de contacontos, títeres, concertos e unha pequena merenda de convivencia.

● **Obxectivos:**

- Reforzar os lazos afectivos entre as persoas participantes.
- Promover a convivencia e o respecto entre a veciñanza.
- Fomentar actitudes sans no uso do tempo libre.
- Entreter e divertir as persoas participantes durante unha tarde de setembro.



Destinatarios/as

Nesta actividade poderán participar todos os rapaces e rapazas que participaron na programación de verán do Servizo Municipal de Educación

● **Temporalización:**

Cada festa Algo Guapo celebrarase no **Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo** na urbanización **Os Regos** e comprende unha tarde de sábado da seguinte forma:

- Para os rapaces e as rapazas de campamentos e excursións, o **3 de setembro de 17:00 a 19:00 h**
- Para os rapaces e as rapazas de Mini 3 e Mini 5 e as Hortas de verán, o **10 de setembro de 17:00 a 19:00 h**.

Nota: Non hai limitacións de prazas, nin custo

■ **REUNIÓN S INFORMATIVAS DAS ACTIVIDADES DE VERÁN DO SERVIZO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN**

*Coa intención de facilitar aos pais e ás nais calquera información relativa ás actividades descritas a continuación, sobre: desenvolvemento, programación, material, horarios, educadores/as, seguros, transporte, alimentación, actividades..., están programadas as seguintes reunións no **Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo** na urbanización **Os Regos**.*

- **Excursión ás Fragas do Eume e campamentos Punta Canide, Cala de Canabal e Illa do Castelo:** mércores **15 de xuño** ás 20:15 h
- **Excursión Mar de Lira:** mércores **15 de xuño** ás 21:00 h
- **Mini 3 e Mini 5:** xoves **16 de xuño** ás 20:15 h
- **Hortas de verán:** xoves **16 de xuño** ás 21:15 h

■ ACTIVIDADES DEPORTIVAS



► Cursos de kaiak de mar

● **Descrición:**

Orientada fundamentalmente ao aspecto recreativo, a través das actividades no kaiak de mar. Esta actividade realizarase nas instalacións náuticas da praia de Santa Cruz, situadas debaixo da pasarela de acceso ao castelo. A súa distribución será en cursos intensivos de 5 sesións cada un (10 horas). En cada curso ofertaranse 16 prazas e respectarase a ratio de 1 monitor/a para cada 8 alumnos/as. **(Obrigatorio saber nadar)**

● **Obxectivos:**

- Aproveitar e gozar do tempo de lecer en contacto co medio natural.
- Coñecer todas as partes e os elementos dos kaiaks.
- Aprender a realizar as manobras de control e seguridade na embarcación.
- Experimentar un xeito de mellorar as capacidades condicionais de forza, resistencia, coordinación, equilibrio e flexibilidade.
- Coñecer as normas fundamentais de seguridade sobre a piragua.
- Coñecer o medio natural: a costa e os factores físicos.

Destinatarios/as

Rapaces e rapazas
nados/as antes
do ano 2001



● **Temporalización:**

Mes de xullo e agosto. De luns a venres, en horario de 11:30 a 13:30 horas. Realizaranse un total de 7 cursos durante o verán nas instalacións náuticas da praia de Santa Cruz.

- **1º curso (nados/as entre 1998 e 2001):** do 27 de xuño ao 1 de xullo
- **2º curso (nados/as entre 1994 e 1997):** do 4 ao 8 de xullo
- **3º curso (nados/as entre 1998 e 2001):** do 11 ao 15 de xullo
- **4º curso (nados/as entre 1994 e 1997):** do 18 ao 22 de xullo
- **5º curso (nados/as entre 1998 e 2001):** do 1 ao 5 de agosto
- **6º curso (nados/as entre 1994 e 1997):** do 8 ao 12 de agosto
- **7º curso (nados/as entre 1998 e 2001):** do 22 ao 26 de agosto

■ ACTIVIDADES DEPORTIVAS

▶ Cursos de remo

Iniciación ao remo de banco móbil e de batel.

- **Para mozos/as nacidos/as entre 1995 e 1999**

(Obrigatorio saber nadar)

No centro municipal A Fábrica, de luns a venres, nas seguintes datas e horarios:

- **1º curso:** do 4 ao 8 de xullo, de 10:00 a 12:00 h
- **2º curso:** do 11 ao 15 de xullo, de 16:00 a 18:00 h
- **3º curso:** do 18 ao 22 de xullo, de 10:00 a 12:00 h
- **4º curso:** do 8 ao 12 de agosto, de 12:00 a 14:00 h
- **5º curso:** do 22 ao 26 de agosto, de 12:00 a 14:00 h



▶ Cursos de iniciación ao body board

- **Para mozos/as nacidos/as entre 1994 e 1997**

Na instalación náutica de Bastiagueiro. Cursos de iniciación de 10 horas cada un, de luns a venres de 11:30 a 13:30 h.

(Obrigatorio saber nadar)

- **1ª quenda:** do 11 ao 15 de xullo
- **2ª quenda:** do 8 ao 12 de agosto



▶ Xogos no medio acuático

- **Para nenos/as nacidos/as entre 2006 e 2008**

Actividade acuática infantil que se realizará na piscina municipal de Dorneda e Perillo. Os luns, mércores e venres ás 12:15 h, un total de 6 sesións cada quenda e con 50 minutos de duración cada sesión.

A ratio será de 1 profesor/a por cada 6 alumno/as. Máximo 18 prazas por quenda.

- **1ª quenda:** do 27 de xuño ao 8 de xullo na piscina municipal de Dorneda
- **2ª quenda:** do 11 ao 22 de xullo na piscina municipal de Perillo
- **3ª quenda:** do 1 ao 12 de agosto na piscina municipal de Dorneda
- **4ª quenda:** do 22 de agosto ao 2 de setembro na piscina municipal de Perillo



■ ACTIVIDADES DEPORTIVAS



▶ Campamentos deportivos

● **Descrición:**

As actividades incluídas nos campamentos deportivos pretenden aproveitar a recreación deportiva como ferramenta na ocupación do tempo de lecer, así como descubrir e dar a coñecer actividades e instalacións con posibilidades de práctica dentro do noso concello. O punto de encontro será o pavillón polideportivo municipal de Bastiagueiro, e desde alí, en caso necesario e segundo o programa diario, desprazarase aos e ás participantes en autobús facilitado polo Concello de Oleiros ata o lugar da actividade. Cada campamento durará unha semana (de luns a venres, de 10:00 a 14:00 horas) e ofertará ata 30 prazas cada un. **(Obrigatorio saber nadar)**



A estrutura dos cinco días estará deseñada de forma que se realicen unha ampla variedade de actividades multideportivas que a continuación nomeamos:

Destinatarios/as

Rapaces/zas
nados/as entre
1997 e 2005

● **Actividades para nados/as en 2004 e 2005:**

Xogos de presentación, actividades de orientación, xogos populares, xogos acuáticos, escalada deportiva, actividades de loita, xogos malabares e olimpíada alternativa.

● **Actividades para nados/as en 2002 e 2003:**

Engaden con respecto ao campamento anterior, a actividade de patinaxe.

● **Actividades para nados/as en 2000 e 2001:**

Xogos de presentación, actividades de orientación, xogos populares, xogos acuáticos, escalada deportiva, actividades de loita, xogos malabares, deportes alternativos, kaiak de mar e body-board.

● **Actividades para nados/as entre 1997 e 1999:**

Xogos de presentación, actividades de orientación, xogos populares, xogos acuáticos, escalada deportiva, actividades de loita, xogos malabares, deportes alternativos, kaiak de mar, body-board e monopatín.

■ ACTIVIDADES DEPORTIVAS



● **Temporalización:**

De luns a venres, en horario de 10:00 a 14:00 h.
Realizaranse un total de 10 cursos durante o verán.

- **1ª quenda (nacidos/as en 2000 e 2001):** do 27 de xuño ao 1 de xullo
- **2ª quenda (nacidos/as en 2002 e 2003):** do 4 ao 8 de xullo
- **3ª quenda (nacidos/as en 2004 e 2005):** do 11 ao 15 de xullo
- **4ª quenda (nacidos/as en 2002 e 2003):** do 18 ao 22 de xullo
- **5ª quenda (nacidos/as en 2000 e 2001):** do 26 ao 29 de xullo (4 días)
- **6ª quenda (nacidos/as entre 1997 e 1999):** do 1 ao 5 de agosto
- **7ª quenda (nacidos/as en 2004 e 2005):** do 8 ao 12 de agosto
- **8ª quenda (nacidos/as en 2002 e 2003):** do 22 ao 26 de agosto
- **9ª quenda (nacidos/as en 2004 e 2005):** do 29 de agosto ao 2 de setembro

● **Transporte:**

Realizarase un percorrido de autobús polo termo municipal de Oleiros para recoller o alumnado e deixalo posteriormente nos seus enderezos.

É obrigatorio especificar na inscrición, da maneira máis precisa posible, o lugar da parada que se solicita, tanto de ida como de volta.

O transporte conta con servizo de acompañante.

As listaxes cos horarios e paradas de autobús estarán expostos nos taboleiros da Fábrica o xoves anterior ao comezo de cada campamento.

● **Recomendacións:**

Como norma xeral para as actividades multideportivas é necesario vestir roupa deportiva e cómoda, tamén é recomendable traer crema solar e viseira. A media mañá faremos un pequeno descanso para repoñer forzas polo que é aconsellable traer algo para xantar (por exemplo unha peza de froita e auga). O primeiro día facilitarase a programación coas actividades de toda a semana, con levar roupa deportiva é suficiente.

Na sesión de xogos acuáticos será necesario levar o seguinte material: gorro, traxe de baño, chancletas e toalla.

■ PROBAS DEPORTIVAS: COMPETICIÓNS E TORNEOS

■ **XXII Triatlón:**

O 28 de maio ás 16:00 h en Mera, para veciños e deportistas federados.

■ **XXI Bandeira de Traíñas:**

O 10 de xullo, a partir das 11:30 no miradoiro de Nirvana, Perillo.

■ **XLII Torneo de Fútbol:**

Durante o mes de xullo e agosto para todos os clubs modestos do concello.

■ **V Trofeo de Patinaxe de velocidade:**

O 24 de xullo no polígono de Iñás.

■ ESCOLIÑA DE ARTES PLÁSTICAS



● **Destinatarios/as:**

Actividade dirixida a rapaces e rapazas nados entre 1999 e 2007.

● **Prazas:** 22 prazas por cada quenda.

● **Localización:**

As distintas casas do pobo repartidas polo concello e o Centro Municipal de Formación.

● **DATAS:**

Mes de xullo:

Do 4 ao 15: ■ de 10:00 a 12:00 h, no Centro Municipal de Formación dos Regos
■ de 12:15 a 14:15 h, na casa da cultura de Perillo

Do 18 ao 29: ■ de 10:00 a 12:00 h, no centro cultural de Montrove
■ de 12:15 a 14:15 h, na casa do pobo de Nós

Mes de agosto:

Do 1 ao 12: ■ de 10:00 a 12:00 h, no centro cívico de Santa Cruz (nados/as entre 1999 e 2004)
■ de 12:00 a 14:00 h, no centro cívico de Santa Cruz (nados/as entre 2005 e 2007)

Do 16 ao 29: ■ de 10:00 a 12:00 h, na casa do pobo de Mera
■ de 12:15 a 14:15 h, na casa do pobo de Dorneda

● **Obxectivos:**

Achegar os nenos e as nenas a diversos materiais para que a través deles se expresen e ao mesmo tempo aprendan algunhas técnicas básicas para o seu manexo son os obxectivos deste obradoiro de verán. O papel, as pinturas, o barro e a plastilina, entre outros materiais, convértese en elementos que axudan a despertar a sensibilidade artística nos/as máis pequenos/as.



■ CINE DE VERÁN

O programa de **cinema de verán** percorrerá todas as parroquias do Concello durante os meses de xullo e agosto, para seguir achegando a sétima arte a todos os veciños e todas as veciñas.

*Durante o mes de **xullo**, as películas serán proxectadas ás **22:30 h** e no mes de **agosto** sobre as **22:15 h**, aproximadamente.*

Da programación daremos cumprida conta coa debida antelación.



■ ALFAROLEIROS 2011. XVII EDICIÓN

Este ano 2011 **celebrase a XVII edición da feira de olería de Oleiros**, máis coñecida como **Alfaroleiros**. Terá lugar do **3 ao 7 de agosto**. Un ano máis oleiros de todo o país achegaranse a Oleiros para sementar o parque Luís Seoane de Santa Cruz de tradición e bo facer, permitindo así que o noso Concello faga honor ao seu topónimo e ás súas orixes.

Paralelamente á feira serán moitos os actos culturais que levaremos adiante para o gozo de veciños, veciñas e visitantes.



■ OBRADOIRO DE TEATRO INFANTIL



● Destinatarios/as:

Actividade dirixida a rapaces e rapazas nados/as entre os anos 1999 e 2004.

● **Prazas:** 16 prazas por cada quenda.

● Localización:

Teatro municipal C.C. As Torres, en Santa Cruz.

● DATAS:

Mes de xullo:

martes e xoves: ■ 5 e 7, 12 e 14, 19 e 21, 26 e 28 de xullo, das 10:00 ás 11:30 h

Mes de agosto:

martes e xoves: ■ 2 e 4, 9 e 11, 16 e 18, 23 e 25 e 30 de agosto, das 10:00 ás 11:30 h

● Obxectivos:

Mediante a realización de xogos e actividades, os rapaces e rapazas desenvolven a expresión corporal e verbal, estimulan a creatividade e a imaxinación e aprenden a colaborar co grupo.

● Contidos:

Xogo físico teatral, xogos de relación e personaxe, o espazo escénico, estilos teatrais de actuación (máscara, clown, mimo e improvisación).

■ OBRADOIRO INFANTIL DE OLERÍA

● Destinatarios/as:

Actividade dirixida a rapaces e rapazas nados/as entre os anos 1999 e 2004.

● **Prazas:** 15 prazas por cada quenda.

● **Localización:** alfar de Santa Cruz, no Centro Cultural As Torres.

● DATAS:

Mes de xullo:

luns e mércores: ■ 4 e 6, 11 e 13, 18 e 20 e 27, das 10:30 ás 12:00 h

Mes de agosto:

luns e mércores: ■ 1 e 3, 8 e 10, 17, 22 e 24, 29 e 31, das 10:30 ás 12:00 h

● Obxectivos:

Ao tratarse dun obradoiro de iniciación nas técnicas básicas de cerámica, os rapaces iniciaranse no modelado, na elaboración de placas, nos xogos con volumes e cores, na iniciación no engobe. Nunha cocción final, poderán comprobar os resultados dos traballos realizados durante as clases.



■ CURSO DE MONITOR DE TEMPO LIBRE



● **Descrición:** O curso consta de 200 horas na fase teórico - práctica que se desenvolverá na aula e outra fase práctica dunha duración de 150 horas. Ao rematar o curso as persoas participantes obterán o título de monitor de tempo libre.

● **Temporalización:** de luns a venres de 9:00 a 14:00 h, do 27 de xuño ao 23 de agosto

● **Destinatarios/as:** maiores de 18 anos

● **Prazas:** 25 prazas ● **Lugar:** centro cultural A Fábrica

■ OBRADOIRO DE RADIO

● **Descrición:** Iniciación ao mundo da radio, onde as persoas participantes tratarán os aspectos xerais de locución e técnicas de expresión, así como amosarán a súa pericia ante o micro, a mesa de mesturas e demais equipos técnicos.

● **Temporalización:** do 4 ao 13 de xullo de 11:00 a 13:30 h

● **Destinatarios/as:** nados/as entre 1993 e 1999

● **Prazas:** 12 prazas ● **Lugar:** centro cultural A Fábrica




■ OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA

● **Descrición:** Observar o ceo, a lúa, os planetas e as estrelas, todas as que sexan posibles. Tendo en conta a meteoroloxía. As persoas participantes terán á súa disposición material facilitado pola agrupación Astronómica IO para as observacións.

● **Temporalización:** xullo a partir das 22:30h ● **Lugar:** explanada da Fábrica

● **Destinatarios/as:** aberto a todas as idades



■ OBRADOIRO DE GRAFFITI

● **Descrición:** As persoas participantes, xunto co monitor, acondicionarán unha parede e plasmarán sobre ela a través das técnicas do graffiti, o deseño proposto por todos os participantes e o monitor.

● **Temporalización:** do 18 ao 28 de xullo de 11:00 a 14:00 h

● **Destinatarios/as:** nados/as entre 1991 e 1999 ● **Prazas:** 20

● **Lugar:** praia de Bastiagueiro




■ CICLO DE TEATRO XUVENIL

● **Descrición:** Representación teatral a cargo de tres compañías xuvenís. Informaremos da programación coa debida antelación.

● **Temporalización:**
10, 17 e 24 de setembro

● **Destinatarios/as:**
Todos os públicos

● **Lugar:** auditorio Gabriel García Márquez, en Mera



■ OBRADOIRO DE CLOWN

● **Descrición:** Obradoiro de iniciación ao *Clown*, á técnica pallasítica. A través das técnicas de *Clown* as persoas participantes traballarán a súa desinhibición escénica. Os contidos serían:

- animación teatral
- linguaxe corporal
- técnica teatral
- técnica de improvisación
- busca do *Clown*
- consolidación do *Clown*
- apoios para facer o *Clown*
- posta en escena - *performances*



● **Temporalización:** 5, 7, 12, 14, 19, 21, 26 e 28 de xullo, martes e xoves de 11:30 a 13:00 h

● **Destinatarios/as:** nados/as entre 1993 e 1999 ● **Prazas:** 16

● **Lugar:** teatro municipal C.C. As Torres en Santa Cruz

■ CENTRO DE LECER, PORTABERTA

● **Descrición:** Se tes entre 12 e 18 anos isto é o que andas a buscar, un espazo onde pasar un rato agradable cos teus amigos.



■ **Horario:** de martes a xoves de 18:00 a 21:00 h
de venres a sábado de 17:30 a 22:30 h
Pechado por vacacións do 15 de agosto ao 1 de setembro

TÁBOA DE PREZOS DAS DISTINTAS ACTIVIDADES

	Empadroados/as	Non empadroados/as
Mini 3	34,00 €	85,00 €
Mini 5	58,00 €	145,00 €
Campamentos	73,00 €	183,00 €
Hortas de verán (xullo)	3,00 €	7,00 €
Hortas de verán (agosto)	4,00 €	9,00 €
Excursión Mar de Lira	129,00 €	322,00 €
Excursión Fragas do Eume	75,00 €	187,00 €

	Empadroados/as	Non empadroados/as
Cursos de kaiak de mar	20,00 €	50,00 €
Cursos de remo	20,00 €	50,00 €
Cursos de iniciación ao body-board	20,00 €	50,00 €
Xogos no medio acuático	10,00 €	25,00 €
Campamentos deportivos (5 días) <i>Transporte incluído</i>	30,50 €	76,50 €
Campamentos deportivos (4 días) <i>Transporte incluído</i>	24,50 €	61,00 €

	Empadroados/as	Non empadroados/as
Escolíña de artes plásticas	19,00 €	47,00 €
Obradoiro de teatro infantil	16,00 €	41,00 €
Obradoiro infantil de olería	16,00 €	40,00 €

	Empadroados/as	Non empadroados/as
Curso de monitor de tempo libre	200,00 €	250,00 €
Obradoiro de radio	47,00 €	117,00 €
Obradoiro de graffiti	16,00 €	80,00 €
Obradoiro de clown	15,50 €	38,75 €

CALENDARIO DE INSCRICIÓN 2011

■ do 2 ao 13 de maio:	■ Preinscrición
■ 23 e 24 de maio:	■ Publicación de listas e reclamacións
■ 25 de maio:	■ Sorteo público
■ do 30 ao 31 de maio:	■ Publicación da lista de admitidos e reclamacións
■ do 1 ao 8 de xuño:	■ Pagamento e entrega de documentación

Nota: ao finalizar este prazo, os/as interesados/as poden inscribirse na conserxería da Fábrica mentres queden prazas vacantes.

PREINSCRICIÓN: Pódese facer:

- 1) Na web municipal www.oleiros.org, na carpeta cidadá.
- 2) Na conserxería da Fábrica (Perillo).

Terán prioridade na adxudicación das prazas os empadroados en Oleiros. No caso de haber máis solicitantes empadroados que prazas, resolverase por **sorteo público** o venres 25 de maio na Fábrica ás 13:00 h.

Os que pretendan acollerse a algunha **bonificación** (S.Sociais, familia numerosa) deberán acreditarlo previamente ao pagamento na Conserxería da Fábrica. **É imprescindible achegar o xustificante do pagamento das actividades** antes do 8 de xuño, en caso contrario perderase o dereito da reserva.

Os modelos de preinscrición, así como o folleto informativo estarán dispoñibles na web municipal.

En caso de que alguén desexe apuntarse a varias quendas da mesma actividade, deberá saber que no momento en que resulte admitido nunha, quedará relegado na lista de espera das seguintes quendas á espera de obter praza.



Todas as actividades, organizámolas para ti desde o:

**ORGANISMO AUTÓNOMO
MUNICIPAL DE CULTURA**



- **Servizo Municipal de Educación**
ensino@oleiros.org / Telf.: 981 610 000
- **Departamento de Cultura**
cultura@oleiros.org / Telf.: 981 610 000
- **Servizo Municipal de Deportes**
deportes@oleiros.org / Telf.: 981 636 598
- **Centro de Información Xuvenil**
c.xuventude@oleiros.org / Telf.: 981 636 598



Concello de Oleiros
ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL
DE CULTURA

www.oleiros.org